

RESOLUCIÓN do tribunal que avalía o proceso para a cobertura de un posto de persoal investigador, na modalidade de investigador distinguido, para beneficiarios dunha bolsa do Consello Europeo de Investigación (ERC), no marco do programa Oportunius dentro do dominio ERC de Ciencias Físicas e Enxeñería. Panel: PE11 Enxeñería de materiais, pola que se fai pública a puntuación definitiva da primeira fase do proceso selectivo (Praza núm. 5).

Elévanse a definitivas as puntuacións provisionais da primeira fase do proceso selectivo para a cobertura de un posto de persoal investigador na modalidade de investigador distinguido, para beneficiarios dunha bolsa ERC, no marco do programa Oportunius dentro do dominio ERC de Ciencias Físicas e Enxeñería. Panel: PE11 Enxeñería de materiais (praza núm. 5 - Resolución do 9 de abril de 2026, DOG núm. 78, do 28 de abril).

A candidata presentada ao proceso de selección, Sara Abalde Cela (***7111**), obtén a seguinte puntuación:

- Artigo 13.1. letra a), publicacións de carácter científico: 26 puntos.
- Artigo 13.1. letra b), participación en proxectos e contratos de I+D+i: 25 puntos.
- Artigo 13.1. letra c), comunicacións e/ou relatorios en congresos ou reunións científicas nacionais e internacionais, a participación en traballos e informes de asesoramento científico, a participación na implantación de sistemas de calidade en organizacións e a experiencia en centros de investigación nacionais ou estranxeiros: 12 puntos.
- Artigo 13.1. letra d), calquera outro mérito relacionado co dominio ERC Ciencias Físicas e Enxeñería. Panel: PE11 Enxeñería de materiais : 7 puntos.

Total: 70 puntos.

Contra esta resolución poderase interpoñer recurso de alzada ante a Dirección da Axencia, nos termos previstos nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Asinado dixitalmente en Santiago de Compostela na data que figura na marxe

O secretario do Tribunal

Benito R. Fernández Rodríguez

